

# ADENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO FÍSICA E QUÍMICA  
CPI Plurilingüe José García García – Mende (2021/2022)



Por mor da entrada en vigor da Orde do 25 de Xaneiro pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, realízanse os seguintes cambios no proceso de avaliación na materia de Física e Química.

## 1. Avaliacións parciais

Haberá **3 avaliacións parciais e unha final**.

Na 3ª avaliación parcial aplicaranse os mesmos criterios de cualificación e instrumentos que nas avaliacións anteriores, tal e como figura na Programación do Departamento.

## 2. Período entre a 3ª avaliación e avaliación final

O período entre a 3ª avaliación e a avaliación final adicarase a actividades de apoio e reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Concrétanse do seguinte xeito na materia de Física e Química:

- **Actividades de apoio e reforzo:** o alumnado que teña partes da materia sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial realizará unha revisión teórica dos mínimos abarcados nas 3 avaliacións parciais, e o repaso práctico destes a través da realización de boletíns de exercicios, exames feitos durante o curso e resolución de dúbidas.
- **Actividades de recuperación:** o alumnado que teña partes da materia sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial, ademais das actividades de apoio, realizará unha proba escrita na que se avaliarán os mínimos esixibles non superados ao longo do curso (é dicir, os correspondentes a aquelas probas escritas con nota inferior a 5). A data acordada anunciarase na clase e publicarase na aula virtual.

- **Actividades de ampliación:** o alumnado que supere a materia logo de realizada a 3ª avaliación, levará a cabo actividades de afondamento nos contidos traballados durante o curso basadas no traballo de laboratorio e investigación, das que se elaborarán os correspondentes informes trala súa realización. A entrega destes informes permitirán aumentar ata 1 punto a nota acadada durante o curso.

### **3. Avaliación final**

Tralas tres avaliacións parciais e actividades de recuperación, a cualificación da avaliación final será a **media aritmética** das tres avaliacións, tendo en conta os procesos de recuperación e podendo ter un máximo de unha avaliación suspensa cunha nota igual ou superior a 3.

O redondeo efectuarase do mesmo xeito ca nas avaliacións parciais tendo en conta os apartados de observación e produción do/a alumno/a ao longo do curso, como se indica na Programación Didáctica de Departamento.

### **4. Avaliación de materias pendentes**

O proceso de avaliación das materias pendentes seguirase dacordo co establecido na Programación Didáctica de Departamento, modificándose únicamente a **data do exame de recuperación** daquela proba ou probas non superadas no proceso, que pasará a realizarse no período entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final. A data acordada comunicarase a través da aula virtual.